


Os CIMs son unha rede de centros por toda Galicia regulados polo decreto 130/2016. Trátase dun servizo municipal de atención especializada e de carácter permanente desde o que se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Os CIMs poderán prestar atención e asesoramento a aquelas mulleres que o demanden, de forma individual ou colectiva, formando parte dun grupo ou asociación de mulleres, así como a calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Trátase dunha atención e intervención directa para mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Tendo prioridade dentro das vulnerabilidades, as vítimas de violencia de xénero.

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia



AS PSICÓLOGAS E PSICÓLOGOS NOS CIMs

**SECCIÓN DE PSICOLOXÍA
DA INTERVENCIÓN SOCIAL DO
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA
DE GALICIA**

Elaborado polo Grupo de Traballo de Psicólogas
e Psicólogos dos CIMs

FUNCÍONS XERAIS

- **Información e asesoramento**, en relación os aspectos psicolóxicos que puideran soste as situacións de vulnerabilidade social ou desigualdade tanto a poboación en xeral, coma a outros profesionais en materia de xénero.
- **Planificación, avaliación, xestión e dirección de programas e campañas municipais en materia de sensibilización e promoción da igualdade, prevención da violencia de xénero e integración social do colectivo LGTBI**. Inclúen tanto a detección de necesidades poboacionais, coma a creación de plans de actuación e a súa avaliación continua e final.
- **Dinamización comunitaria**, promoción e mellora do asociacionismo e das redes de apoio social na comunidade para actuar sobre factores que promovan o benestar e preveñan situacións de vulnerabilidade.
- **Coordinación de redes**: Coordinación cos servizos sociais comunitarios, e demais servizos municipais (centros educativos, sanitarios...) incluíndo calquera outra administración pública. Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

FUNCÍONS ESPECÍFICAS

- **Atención psicolóxica directa individual e a grupos**.
Podendo ser:

- Intervención Individual.

Intervencións centradas na persoa, atendendo a súa problemática de xeito particular, co fin de lograr a súa autonomía e desenvolvemento persoal. Inclúe:

- ⇒ Intervención e prevención psicolóxica con especialización en violencia de xénero e problemáticas asociadas.
- ⇒ Intervención en adultas e menores expostos a violencia de xénero.
- ⇒ Atención psicolóxica: Individual, familiar e grupal.
- ⇒ Derivacións a outros servizos de saúde xeral ou mental.
- ⇒ Traballo multidisciplinar con outros/as profesionais que interveñen (psiquiatras, médicos/as, traballadoras/es sociais, educadoras/es avogadas/os, forzas de seguridade, etc.).
- ⇒ Asesoramento e apoio psicolóxico en situacións de crise (violencia xénero, abusos sexuais, violencia intrafamiliar...).
- ⇒ Seguimento dos casos.

- Intervención grupal.

Grupos de apoio de mulleres que previamente recibiron atención individual para reforzar o desenvolvemento e competencias de habilidades de autonomía, toma de decisións, empoderamento ... Ademais poderanse conformar outro tipo de grupos como: Grupos de autoestima, de habilidades sociais, de sexualidade, de novas masculinidades...


- Intervención familiar.

Intervencións en familias centradas en potenciar os recursos afectivos, pautas psicoeducativas e de resolución de conflitos, favorecendo formas de comunicación respectuosas e igualitarias entre os membros da rede familiar.

- **Atención integral especializada a vítimas de violencia de xénero, e de ser o caso ás/aos menores ou maiores dependentes, a cargo da muller.**




A CORUÑA



LUGO



OURENSE



PONTEVEDRA

